

6 *Review***REI-DOVAL,
Gabriel**

Vigo: Xerais, 2007. 506 pp.
ISBN 978-84-9782-525-2.

*A lingua galega na
cidade no século XX:
Unha aproximación
sociolingüística*

Xandra Santos
Centro de Estudos
Galegos.
Universidad de
Salamanca

Sítúanos Gabriel Rei-Doval, xa dende o comezo, ante uns marcos ben definidos do campo que traballa no seu amplo ensaio *A lingua galega na cidade no século XX: Unha aproximación sociolingüística*. E aínda máis cumprido en precisións terminolóxicas era o título da tese que o levou a ser doutor en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago en 2001 e da que este ensaio é herdeiro: *O galego no ámbito urbano: Unha visión desde a macrosociolingüística*. Nese traballo o profesor de sociolingüística do Departamento de Español e Portugués da Universidade de Wisconsin (Milwaukee, EEUU) acoutaba non só o tipo de traballo que levou a cabo (sociolingüístico) e mais os parámetros espaciais e temporais (as sete cidades galegas ao longo do século XX, a saber, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo), senón tamén a orientación e metodoloxía seguida dentro das dúas vertentes habituais nos traballos que analizan o xeito en que se manifestan as linguas na sociedade. Neste sentido, ao beber da perspectiva investigadora que lle ofrece a tradición macrosociolingüística, tamén chamada socioloxía da lingua, o autor aplica a óptica do social a unha ampla mostra de usuarios para avaliar a situación e as relacións entre a lingua galega e a castelá neste contorno.

Cómpre lembrar que este tipo de investigacións non lle son alleas, pois tamén coñecidos son outros resultados do seu traballo no eido da sociolingüística como os volumes *Publicidade e Lingua Galega* (Ramallo 1996), *Vender en Galego* (Ramallo 1997) e algunhas conclusións máis parciais presentadas en varias ocasións nos *Encontros para a Normalización Lingüística do Consello da Cultura Galega*. Por este motivo algunhas das liñas que se seguen xa foran anunciadas con anterioridade á publicación deste volume. Sen esquecer tampouco as súas contribucións para o *Manual de Ciencias da Linguaxe* (Ramallo et al. 2000), do que foi coeditor.

REI-DOVAL, Gabriel.
*A lingua galega na cidade no
século XX: Unha aproximación
sociolingüística*
Xandra Santos

Deste xeito, na obra que nos ocupa Rei-Doval deseña a evolución sociolingüística do idioma dende que soaron as primeiras voces do século XX reivindicando o idioma ata o 1992 en que o Seminario de Sociolingüística da RAG levou a cabo o seu ambicioso proxecto de recolleita de datos para o *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (González González 2007). O autor aproveita, así, o resultado das tarefas de campo realizadas por este Seminario, isto é, os datos que se obtiveron no medio urbano, pero tamén a súa experiencia neste eido. El mesmo se recoñece debedor destas actividades posto que foi membro do Seminario cando se fixo a recollida. A partir destas mostras, leva a cabo un minucioso labor de análise sincrónica e descrición dos datos, mais non só toma asento no puramente expositivo senón que alanca cara ao propósito da avaliación. Así, malia a tentativa de achegar unha interpretación científica da sociedade, amosa dende as primeiras páxinas que os seus obxectivos tamén van máis alá: 'A nosa pretende contribuír a tan necesario labor para desde a avaliación da situación sociolingüística actual, sermos quen de, nunha fase posterior, procurar e deseña-las alternativas correspondentes. [...] Porque, en todo caso, só desde o coñecemento profundo e rigoroso dunha realidade poderá afrontarse a súa mellora ou modificación' (9).

Certamente, nesta afirmación bébase do entusiasmo neopositivista e das bases metodolóxicas que marcaron o nacemento da sociolingüística e que se deu en chamar a revolución cuantitativa, é dicir, os fundamentos empíricos do traballo científico para formular conclusións que aspiran a ser explicativas (Conde Silvestre 2007). Neste senso, a fotografía da lingua nas urbes galegas dos anos noventa non cae neste caso na explicación sincrónica sen máis, como tampouco a manifestación emocional de esperanzas ou temores, senón moi ao contrario supón interpretar as tendencias que se manifestan neste medio. 'A predición que se faga do futuro dependerá da comprensión que se teña do presente', explicaba Jean Aitchison ao defender que as técnicas seguidas pola sociolingüística variacionista xa situaban esta ciencia na posición de explicar os factores e os motivos dos cambios nas linguas. Reparou ademais na similitude que pode ter a linguaxe humana coa das baleas corcovadas: os científicos demostraran que as baleas modifican as súas cancións cada ano, pero as que cantan ao comezo de cada nova estación son idénticas ás interpretadas ao final da estación anterior (Aitchison 1993: 236-8). E, do mesmo xeito que a explicación dada para as baleas non é beber do río do esquecemento nin a modificación aleatoria, así tamén coñecermos as circunstancias en que se xeran as dinámicas sociais nos amosa o deseño da súa dirección actual ou, en definitiva, axuda na modificación da súa liña futura.

Asemade, Rei-Doval arrequeña estas liñas con cumpridas presentacións das súas fontes teóricas e expón as teorías e conceptos da literatura científica que manexa do ámbito da socioloxía da linguaxe. En xeral non escatima explicacións deste tipo, pero sobre todo céntrase nisto nos tres primeiros capítulos onde atopamos unha aproximación ao procesos que se levan a cabo no medio urbano e á súa importancia no conxunto das investigacións sociais (Cap. I), unha breve descrición da historia da lingua galega nas nosas cidades do século pasado (Cap. II), e unha cumprida aclaración dos procedementos, da metodoloxía e dos estudos sobre o mantemento e a substitución lingüística entre os que se insire (Cap. III). Agás nas últimas páxinas, dedicadas ao resumo e ás conclusións, no resto de seccións (dende o Cap. IV ata o XI) expóñense e analízanse polo miúdo os datos e razónanse os diferentes resultados, causas e factores, amais de incluír gráficas e táboas.

REI-DOVAL, Gabriel.
*A lingua galega na cidade no
século XX: Unha aproximación
sociolingüística*
Xandra Santos

As dimensións e os ámbitos destas epígrafes seguen unha filosofía e unha orde moi semellante á dos tres volumes do MSG. Así, a liña da investigación artéllase en torno á descrición duns parámetros xa habituais (lingua inicial, a competencia lingüística, a lingua habitual e os usos, o cambio lingüístico e o estudo das cidades por separado) unidos ás outras variables sociolingüísticas, categorías sociais, dominios e ámbitos. Cada escolla terminolóxica e conceptual vai adubada cunha revisión epistemolóxica, polo que se nos ilustra en conceptos polémicos como o de lingua materna, na idea adoito empregada de competencia lingüística, nos ámbitos de estudo para observar os usos lingüísticos e nas motivacións do cambio lingüístico consciente intraxeracional.

En suma, o autor sèrvese da súa experiencia ao hora de manexar as metodoloxías e teorías do social no lingüístico para afrontar a análise dun ámbito que amosa evolucións negativas para o galego e moitos puntos débiles, pero que non por iso se debe desbotar, senón todo o contrario, de termos en conta que encabeza pautas que nas sociedades actuais se acaban impondo. Dúas cuestións que queremos resaltar especialmente son, por unha parte, o feito de que se tomen sempre como referentes os resultados obtidos no MSG sobre o conxunto de Galicia contrastándoos cos do medio urbano. Isto permítelle amosar as diferenzas e, por outra banda, que se revisen determinados argumentos nas actuacións a prol do idioma. Do primeiro deriva ter en conta as disimilitudes específicas dos contextos urbanos atendendo non só ás diverxencias entre cidades senón tamén a diversidade de espazos dentro delas, para logo poñelas en práctica á hora de orientar as accións planificadoras. Do segundo despréndese a necesidade de reorientar os esforzos cara un abano máis plural de áreas sociais, coma a familia, os amigos, o barrio, e os medios de comunicación, entre outros, e que ata o de agora se centraron case en exclusividade no ensino. Seguindo as reflexións de Fishman, o autor defende que coa escola só non se consegue dotar a mocidade castelanfalante das cidades dun dominio completo na nosa lingua, sobre todo no que se refire ás habilidades orais e á variación diafásica, polo que deben ser os pais os que aposten pola transmisión interxeracional do galego como xeito de acadaren a riqueza idiomática dos seus fillos.

Pola contra, pódense apreciar outros aspectos máis cuestionables deste ensaio que cómpre salientar. Referímonos, por exemplo, ao feito de que os datos sobre os que sustentan todas as exposicións posteriores son do ano 1992 mentres que o ensaio final sae do prelo 15 anos despois disto. Ao que hai que engadir os 7 anos dende o final da elaboración do traballo, que o propio autor sitúa no 2001. Estas circunstancias, que serían puramente anecdóticas noutro tipo de traballos, eríxese nun claro contratempo á hora de falarmos dun estudo destas características por varios motivos. En primeiro lugar, o mesmo Rei-Doval explica nestas páxinas que un trazo fundamental do contexto social en que se centra é o seu carácter dinámico e cambiante, así como a celeridade con que evolucionan algúns fenómenos sociais neste medio. Porén, máis de ter en conta son as evolucións que se producen na sociolingüística dende o seu nacemento na década dos sesenta ata o punto de se ter afirmado hoxe que esta rama do saber se converteu 'nas últimas décadas nunha disciplina de moda para todos aqueles investigadores vinculados ás ciencias da linguaxe' (Lorenzo Suárez 2000: 243-6). Lembremos a repercusión que tiveron na lingüística os debates e reflexións que alentaron coas súas contribucións autores da sona de Charles Ferguson, John Gumperz, Joshua Fishman ou William Labov, cuxos traballos camiñaban sobre a fronteira entre a lingua e a sociedade.

REI-DOVAL, Gabriel.
A lingua galega na cidade no século XX: Unha aproximación sociolingüística
Xandra Santos

En xeral, o feito de que a finalización da obra fose hai máis dun lustro fai que se obvien traballos relevantes na literatura sociolingüística destes anos e das súas contribucións, tanto as achegas de tendencia macro e a actualización na recolleita de datos coma os que se centran en aspectos máis concretos da realidade galega coma as derivadas da perspectiva microsociolingüística, as análises das actitudes, e a evolución dos prexuízos lingüísticos ou identidades lingüísticas no medio rural e urbano, entre outros. Por esta causa, publicar un proxecto rematado hai xa anos supón, cando menos, restarlle actualidade e en certa medida tamén eficacia para os seus propósitos. Afirmamos isto porque as tendencias que se pretenden avaliar se obteñen nalgúns casos en *tempo aparente*, é dicir, facendo predicións sobre o pasado ou sobre o futuro a partir dos datos cos que se conta nun momento concreto. Do mesmo xeito que tampouco se fai referencia a recentes publicacións que parten de mostras novas recollidas en tempo real para o mesmo propósito; referímonos por suposto, aínda que non só, á serie de volumes que xa comezou a publicar o Seminario de Sociolingüística da RAG cos resultados obtidos en 2004 (González González 2007) e a un traballo máis breve feito por parte da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega (Monteagudo e Lorenzo 2005).

Xa que logo, é este un volume que nos ofrece ferramentas interesantes para facer fronte ás realidades da Galicia urbana ao cuestionar e explicar determinadas crenzas non sempre verdadeiras e servir como punto de partida para posteriores traballos de investigación e de planificación centrados na cidade. Porén, vería incrementada a súa utilidade se chegase ás mans dos/as lectores/as cunha maior proximidade temporal ao momento en que se xerou.

Referencias:

AITCHISON, Jean, 1993. *El cambio en las lenguas: ¿Progreso o decadencia?* (Barcelona: Ariel).

CONDE SILVESTRE, Juan Camilo, 2007. *Sociolingüística histórica* (Madrid: Gredos).

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel, ed., 2007. *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia, Vol. I*, (Santiago de Compostela: Real Academia Galega & Seminario de Sociolingüística).

RAMALLO, F. Fernando & Gabriel REI-DOVAL, 1996. *Publicidade e lingua galega* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

_____, 1997. *Vender en galego: Comunicación, empresa e lingua en Galicia* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

LORENZO SUÁREZ, Anxo, 2000. 'Sociolingüística', in Fernando Ramallo et al, eds., *Manual de ciencias da linguaxe* (Vigo: Xerais): 343-408.

MONTEAGUDO, Henrique & Anxo LORENZO, 2005. *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).